



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Diaz, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 29 de decembro de 2017, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Calendario de días inhábiles e horario de apertura e atención ao público do rexistro municipal no ano 2018

**EXPEDIENTE:** 2017/G003/000460

Considerando que con data de 2 de outubro de 2017 entrou en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Resultando que dito texto legal introduce importantes cambios en materia de rexistros das Administracións Públicas, entre elas a Local.

Considerando que o artigo 31 da LPACAP, relativo ao cómputo de prazos nos rexistros, dispón que:

*“1. Cada Administración Pública publicará os días e o horario no que deban permanecer abertas as oficinas que prestarán asistencia para a presentación electrónica de documentos, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.*

*2. O Registro Electrónico de cada Administración ou Organismo rexerase a efectos de cómputo dos prazos, pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de modo accesible e visible.*

*O funcionamento do rexistro electrónico rexerase polas seguintes regras:*



a) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

b) Aos efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil. Os documentos consideraranse presentados pola orde de hora efectiva no que o foron no día inhábil. Os documentos presentados no día inhábil reputaranse anteriores, segundo a mesma orde, aos que o foran no primeiro día hábil posterior.

c) O inicio do cómputo dos prazos que teñan que cumplir as Administracións Públicas virá determinado pola data e hora de presentación no rexistro electrónico de cada Administración ou Organismo. En todo caso, a data e hora efectiva de inicio do cómputo de prazos deberá ser comunicada a quen presentou o documento.

3. A sede electrónica do rexistro de cada Administración Pública ou Organismo, determinará, atendendo ao ámbito territorial no que exerce as súas competencias o titular daquela e ao calendario previsto no artigo 30.7, os días que se considerarán inhábiles aos efectos previstos neste artigo. Este será o único calendario de días inhábiles que se aplicará a efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos, sen que resulte de aplicación aos mesmos o disposto no artigo 30.6".

Considerando que en datas recentes púxose en funcionamento no concello o Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), novedade importante esixida pola normativa aplicable que obriga a cambiar a forma de artellar o Rexistro do Concello de Teo.

Considerando que, segundo o artigo 42 do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e convenio colectivo do Concello de Teo (BOP nº 76, do 26/04/2010) os días 22 de maio e 24 e 31 de decembro non serán laborables para o persoal do Concello de Teo, e permanecerán pechadas as oficinas públicas, agás o servizo de Rexistro Xeral, en horario de 09:00 a 13:00 horas.

De acordo co exposto, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local (LRBRL) e en



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

cumprimento do preceptuado nos artigos 31 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Fixar o calendario de días inhábiles e horario de apertura e atención ao público para a anualidade 2018 do Rexistro Municipal de Teo, do Sistema de Interconexion de Rexistros, e da oficina de asistencia para a presentación electrónica de documentos, conforme aos seguintes datos:

1.- Teñen a consideración de festivos para o ano 2018, e inhábiles a efectos do cómputo de prazos, os días que se detallan a continuación:

a) Nacionais:

- 1 de xaneiro (Aninovo)
- 6 de xaneiro (Epifanía do Señor)
- 29 e 30 de marzo (Xoves e Venres Santo)
- 1 de maio (Día do Traballo).
- 15 de agosto (Asunción da Virxe)
- 12 de outubro (Día da Hispanidade)
- 1 de novembro (Día de todos os Santos)
- 6 de decembro (Día da Constitución)
- 8 de decembro (Inmaculada Concepción)
- 25 de decembro (Natividade do Señor)

b) Autonómicos:

- 17 de maio (Día das Letras Galegas)
- 25 xullo (Santiago Apostolo/Día Nacional de Galicia)

c) Locais:

- 10 de maio (A Ascensión)
- 18 de maio (Día seguinte ás Letras Galegas)



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

2.- O Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Teo, sito na Travesía da Ramallosa, nº 38, CP 15.883 Teo (A Coruña), permanecerá aberto ao público, salvo os festivos (arriba indicados), de luns a venres de 08:00h a 14:00 horas. Os días 22 de maio e 24 e 31 de decembro ese horario será de 09:00 a 13:00 horas.

3.- O Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) permanecerá aberto ao público, salvo festivos (arriba indicados), de luns a venres de 09:00h a 14:00 horas. Os días 22 de maio e 24 e 31 de decembro ese horario será de 09:00 a 13:00 horas.

4.- A Sede electrónica do Concello de Teo, atópase a disposición dos cidadáns os 365 días do ano durante as 24 horas do día.

Sen prexuízo co exposto, débese ter en conta que, a efectos de cómputo de prazos, consideraranse inhábiles os días marcados como tales no calendario anual de días inhábiles. Polo tanto, a realización dun trámite nun día inhábil considerarase realizado o primeiro día hábil seguinte ás 00:00:01. A tales efectos, consideraranse días inhábiles todos os sábados e domingos do ano, así como os sinalados no punto primeiro como festivos.

**Segundo**.- Ordenar a publicación da presente Resolución, para xeral coñecemento, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e na Sede electrónica do Concello.

**Terceiro**.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Teo, venres 29 de decembro de 2017.

Vº e Prace  
O alcalde  
Rafael Carlos Sisto Edreira



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

secretaria xeral  
Virginia Fraga Diaz



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)